
Normativa sobre Coordinación no Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación

REDACCIÓN

VALIDACIÓN

APROBACIÓN

Coordinación do Mestrado e
Equipo directivo

Comisión de Calidade

Comisión Académica de
Mestrado

Data e sinatura

Data e sinatura

Data e sinatura

Histórico de evolucións

ÍNDICE	FECHA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	26/05/2016	Coordinación do MET e Equipo directivo	Creación da normativa
01	03/06/2016	Comisión Académica de Mestrado	Introdución de modificacións e aprobación pola Comisión Académica de Mestrado
01	10/06/2016	Comisión de Calidade	Validación pola Comisión de Calidade

Índice

I OBXECTO	3
II REFERENCIAS.....	3
III NIVEIS DE COORDINACIÓN: Obxectivos, Funcións e Responsabilidades	3

I OBXECTO

O obxecto deste documento é concretar as funcións e responsabilidades dos/as coordinadores/as dos diferentes niveis involucrados na coordinación docente establecida na memoria do Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación.

II REFERENCIAS

- Criterios e directrices para a Garantía de Calidade no EEES (ENQA-ANECA).
- Estatutos da Universidade de Vigo.
- Manual de Calidade da EET.
- Memoria de Verificación do Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación.
- Regulamento dos estudos oficiais de posgrao da Universidade de Vigo.
- Procedemento “Planificación e desenvolvemento da ensinanza” do SGIC da EET.
- Procedemento “Seguimento e mellora das titulacións” do SGIC da EET.
- Normativas de guías docentes:
 - o Elaboración, aprobación e publicación (Universidade de Vigo).
 - o Elaboración de guías docentes (EET).

III NIVEIS DE COORDINACIÓN: Obxectivos, Funcións e Responsabilidades

Os labores de coordinación horizontal e vertical serán realizados pola Coordinación de Mestrado, polas Coordinacións de Módulo e Especialidade e as Coordinacións de Materia.

III.1 Coordinación de Mestrado

As funcións básicas e os criterios do nomeamento da coordinación de mestrado están recollidas na normativa da Universidade de Vigo. Nesta normativa complétanse os obxectivos, funcións e responsabilidades da coordinación do MET.

Obxectivo

A coordinación do mestrado dinamiza e organiza os labores de coordinación horizontal e vertical en cada curso académico con obxecto de:

- Facilitar a adecuada implantación e seguimento do título.
- Evitar baleiros e solapamentos entre as materias.
- Analizar o transcurso do curso: métodos empregados e resultados alcanzados.
- Valorar a necesidade de realizar modificacións na organización académica, os sistemas de avaliación utilizados, o profesorado do mestrado, etc.
- Fixar os obxectivos para a seguinte edición do mestrado e as actividades para realizar que conformarán o plan de mellora.

Funcións

- Organizar os labores de coordinación horizontal e vertical realizados cada curso.
- Recompilar evidencias para a análise: documentación, informes ou actas que evidencien reunións de coordinación.
- Supervisión da elaboración das guías docentes: competencias, contidos, sistema avaliación, etc. para o cumprimento da memoria da titulación.
- Supervisión da elaboración dos cronogramas de puntuables por módulo/especialidade e cuadrimestre.
- Supervisión da planificación conxunta de tarefas, calendarios, carga de traballo do estudiantado, etc. nas materias dos módulos e especialidades.
- Coordinación do deseño e realización de enquisas propias ao alumnado e profesorado.

Responsabilidades

- Convocatoria de reunións de coordinación horizontal e vertical cos coordinadores de módulo e especialidade e elaboración de actas de reunións.
- Documentación dos acordos adoptados.
- Dinamizar e organizar dentro da comisión académica de mestrado os seguintes asuntos:
 - Análise de se o plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes, e no seu caso, establecer as accións de mellora oportunas.
 - Análise dos resultados académicos obtidos (indicadores por materia e globais).
 - Mecanismos utilizados para a análise da adquisición das competencias.
 - Informe de análise dos resultados obtidos e como estes se teñen en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.
 - Accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores.
 - Análise das enquisas de opinión. Propostas de mellora.
 - Elaboración do informe anual de coordinación do mestrado para o proceso de seguimento da titulación. Detección de boas prácticas, puntos febles e elaboración de propostas de mellora do título.
- Liderar, dentro da comisión académica da titulación, os procesos de seguimento, acreditación e verificación do título e outros similares aos que poda estar sometida a titulación por parte de axencias de avaliación nacionais ou autonómicas ou dos propios órganos internos da Universidade de Vigo, e organizar e preparar, en colaboración coa dirección do centro e a coordinación de calidade, a documentación que puidera resultar necesaria.
- Dinamizar os procesos de calidade no marco da comisión académica.

III.2 Coordinación de Módulo e de Especialidade

Defínense as seguintes coordinacións:

- Módulo de materias comúns de primeiro curso.
- Módulo de materias de cada unha das 4 especialidades (inclúe as materias correspondentes de primeiro e segundo curso):

- Electrónica de Comunicacions.
- Procesado do Sinal en Comunicacions.
- Radiocomunicación.
- Telemática.
- Módulo de optatividade.

As persoas responsables da coordinación de cada un destes módulos serán nomeadas pola Xunta de Escola a proposta do equipo directivo e formarán parte da Comisión Académica do MET.

Obxectivo:

- Coordinación axeitada de contidos e metodoloxías para as materias que conforman cada módulo, buscando un equilibrio entre todas elas. Mediante reunións de seguimento de coordinación manterase un contacto permanente co profesorado de cada materia, servindo como nexos entre estes e a Comisión Académica do MET.
- Eliminación de solapes entre as distintas actividades que se propoñen nas guías docentes e fichas de materias e corrección da tendencia a un excesivo número de actividades.

Funcións

- Coordinación de materias do módulo.
- Planificación conxunta de tarefas, calendarios, carga de traballo do estudante, etc. nas materias do módulo. Supervisión do cumprimento da planificación.
- Coordinación de contidos dentro do módulo.
- Supervisión do cumprimento da avaliación das competencias conxuntas.
- Supervisión da elaboración das guías docentes das materias do módulo.
- Detección de boas prácticas, puntos febles e elaboración de propostas de mellora globais.

Responsabilidades

- Convocatoria de reunións de coordinación de materias do módulo e elaboración de actas das reunións.
- Documentación dos acordos adoptados.
- Análise dos resultados obtidos nas materias do módulo.
- Elaboración do informe anual de coordinación do módulo.

III.3 Coordinación de materia

As persoas que coordinan cada unha das materias da titulación se nomean e renovan no cargo por curso académico pola Comisión Académica do MET.

Obxectivo:

- Planificación de contidos, actividades e sistema de avaliación da materia.
- Coordinación de contidos con materias relacionadas e vinculadas.

- Promoción e coordinación das directrices do sistema de avaliación dos aprendizaxes na guía docente de cada materia e a súa posterior aplicación.

Funcións:

- Planificación da materia.
- Coordinación do profesorado da materia, de selo caso.
- Elaboración da guía docente e incorporación da mesma á aplicación informática que propoña a Universidade.
- Coordinación co resto de materias do cuadrimestre e módulo (reunións de coordinación), corresponsabilizándose do cumprimento da guía por parte do resto do profesorado.

Responsabilidades:

- Elaboración da guía docente en colaboración co profesorado da materia e de acordo coa memoria do Mestrado e a normativa vixente.
- Seguimento da docencia para que se axuste á guía docente.
- Recompilación da documentación para a docencia da materia. Posta en común entre o profesorado implicado e difusión ao alumnado.
- Interlocución coa coordinación do módulo e a coordinación do MET.
- Asistencia ás reunións de coordinación de módulo.
- Adopción de acordos nas reunións de coordinación en relación á súa materia
- Convocatoria de reunións de coordinación da materia.
- Transmisión ao resto de profesorado da materia de toda a información, especialmente dos acordos de coordinación do módulo.
- Elaboración do informe de resultados da materia. Detección de boas prácticas, puntos febles e elaboración de propostas de mellora.
- Incorporación das notas ás actas e sinatura das mesmas.